

Castelo de Cal da Loba, perto a Villalba.

A Terra Cha, como é ben sabido, é unha comarca luguesa, natural e xeográfica-mente ben determinada e con características propias. Veleiqué a descriución que fai dela Otero Pedrayo (1), na súa GUIA DE GALICIA: "La Terra Cha, vasta planicie ondulada, de basamento granítico y esquitoso, recubierto de formaciones cuaternarias, altura media de 400 metros e hidrografía indecisa, se limita, en la acepción de los naturales de la región, en gran parte palustre, entre las lentas aguas del Miño inicial y el Táboga, es decir, la comarca de Castro Rey. Pero en una consideración geográfica puede extenderse hasta el pie de las sierras circundantes al NO. y O. y S., determinarla por la línea de los montes de Fitoiro, en el horizonte de Lugo y el Cordal de Ousá..." "...Las praderías, agras de centeno, extensos rodales de monte bajo, grandes formaciones de blancos abedules, los ríos perezosos, la frecuencia de aguas estancadas en «lamas» como las que forma el Anllo en Gernar, conceden una severa y clara belleza a la Terra Cha que pudiera definirse como una extensa gándara..."

Antonio Fraguas (2), na súa "Geografía de Galicia", dice: "...pero la característica general de las tierras parece asignarle una mayor extensión, limitándola de un modo amplio, por los derrames del monte de Fitoiro, Cordal de Ousá, por la parte meridional, cerrando los horizontes de

A TERRA CHA

Galicia
Rev. del Centro Gallego de
n.º 5
878
B.S. As.
marzo - abril, 1971.

Por
MANUEL MARIA

Lugo; al Norte, por el Cordal de Neda y la sierra de la Carba; al Este, las estribaciones de la sierra de Meira, que descienden, en formas gastadas, por macizos de líneas onduladas, características de la comarca, las cuales contribuyen en ocasiones a que no sea llana la tierra que lleva este nombre y, finalmente, limitan a Terra Cha, por el Oeste, las derivaciones de la sierra de la Loba. En tan amplia extensión, los naturales distinguen tres partes: Terra Cha, Brañas y Chaira".

A Terra Cha abarca os concellos, ou boa parte deles, de Castro do Rei, Outeiro do Rei, Rábade, Begonte, Cospeito, Villalba, algo dos de Abadín e Pastoriza e aínda se alonga, por unha banda, deica Guitiriz por outra cara a Pol. Perteñece ós partidos xudiciáis de Lugo, Villalba e Mondañedo i os bispados de Lugo e Mondañedo.

A parte da Terra Cha que se olla da estrada que vai de Lugo a Villalba e que sigue prá Costa Luguesa por Mondañedo, foi descrita por Alvaro Cunqueiro (3): "Podemos seguir para Lugo directamente, atentos a ver a mano izquierda el muñón feudal de Cal de Loba, y cruzando la antigua tierra de Saavedra, que en su nombre lleva la ancianidad agraria. Pasamos a cien metros de la ermita de los Milagros, donde es, en mayo, una de las más hermosas romerías lucenses. O podemos ir dando vuelta por Cospeito, contemplando la laguna en la que vuelan el mergo y el pato azulón. Y en Rábade pasamos

el Miño, padre fluvial del reino nuestro, quien camina ordenando las tierras en poderosas y curvadas colinas. Y atardecemos viendo a lo lejos las torres de Lugo perdidas entre el lusco y el fusco. La Terrachá —ese poema de Iglesia Alvariño, esa lama quieta en la que se espejan unos abedules, esos dilatados horizontes, nobles centeeiras y terras de holgado— se va con la dorada tarde.

¡Nos curros de Aldoar!

¡Nos curros de Aldoar

durmiu esta noite o vento coa Oreadel


Dormirá. Allí duerme cada día”.

A Terra Cha e, eminentemente, unha comarca labrega. O centeo, o trigo i as patacas son as súas grandes colleitas, ás que hai que engadir o millo i algo de hortalizas. Tamén se dan os frutás. A súa gandeiría é importante. Principalmente o gando vacuno. Abundan as praderías ó longo dos moitos ríos e regatos que cruzan a comarca. Principalmente polas primaveiras as vacas i o armentío pacen nos longos i escuros montes chairegos. As terras de labor son máis ben frías. As albres que máis abundan son abidueiras, salgueiros, abeneiros e carballos. Os montes son pardos e neles medra a carqueixa, a uz i a carpaza. A cór do ceo é borrallenta, mesmo nos días craros do vrao nos que o ceo non da azulado de todo. Nas terras das ribeiras dos ríos, nas que se mistura o verde dos prados, o brando dos soutos de abidueiras, os ameneiros cor mel, son tenras i amorosas. Contrastan coas pucharcas e coas pequenas lagoas que, polo inverno e pola primavera, abundan no monte raso.

As casas chairegas están feitas de pedra e lousadas con pizarra, que abunda na comarca. As casas dos labregos pudentes son cuadradas i están lousadas a catro augas. Xeneralmente teñen diante un gran curral, pisado con toxo; pola traseira está a horta e máis a airea cos seus paleiros, solemnes e panzudos. O circundo da casa —curral, airea, horta i alborios— está pechado con valado de pizarra ou con chantos. As casas dos labregos menos pudentes están, xeneralmente, cubertas a dúas augas. As casas labregas, salvo rarísima esceución, compóñense de alto e baixo. Nos baixos está a cociña i as cortes do gando. Os materiais que se empregaban pra construción eran a pizarra i a cantería. Dunhos anos a esta parte comenza a utilizarse o ladrillo.

As principais feiras da comarca son Villalba, A do Monte, Rábade, Castro de Ribeiras de Lea, Castro do Rei, Moimenta i a do Santo, moi concurridas todas elas. Nas feiras de Villalba véndense os famosos queixos de San Simón; na feira de Nadal —célebrase o día 20— que antecede a Noiteboa, é a que se chama “feira dos capós” nas que hai mercado dos famosos capós de Villalba, aínda que proceden de toda a Terra Cha.

Entre as romaxes de máis sona hai que destacar, en primeiro lugar, o San Ramón de Villalba e tamén os Milagres de Saavedra, a Santa Sabel de Outeiro do Rei i a Virxe do Monte de



Fachada principal da ermida da Virxe do Monte, en Cospeito. A Virxe do Monte é considerada a padroeira da Terra Cha.


Cospeito. Tamén teñen sona ben cumprida as festas de Castro de Ribeiras de Lea. O San Ramón de Villalba, os Milagres de Saavedra i a Santa Sabel de Outeiro do Rei —que se celebra a veira do Miño nun campo fermosísimo— son das romaxes máis importantes da provincia de Lugo e aínda de Galicia.

Na Terra Cha non hai industrias, salvo algunha que outra serrería. Antes cultivábase o liño e había teares, comús a toda Galicia. Tamén se traballaba o barro. O nome de Oleiros, lugar perto a Villalba, é ben significativo. Os cacharreiros máis famosos de toda a Terra Cha son os de Bonxe, no concello de Outeiro do Rei. A súa industria non se trasformou co paso do tempo e sigue sendo unha artesanía moi rudimentaria, ameazada de morte pola competencia de prásticos. Tamén son famosos os zoqueiros de Duarúa, Loentía e Formarán, aínda que se trata dun xeito de artesanía que cada día vai a menos. Son sonadas as zocas afumadas de Castro de Ribeiras de Lea i as zocas chinelas de Villalba.

A Diputación de Lugo e máis o Instituto Nacional de Colonización fixeron unha obra chamada “Colonización da Terra Cha” da que faláron e falan abondosamente os xornás da rexión, aínda que a cousa semella que non é pra tanto. Entre os traballos levados a cabo por “Colonización”, cóntase o desecamento da Lago de Cospeito que según dixeron iba ser recuperada



Fachada principal do Pazo de Sistallo (Cospeito). Trátase do pazo máis fermoso e mellor conservado da Terra Cha luguesa.



Torre de Homaxe do Castelo dos Andrades, en Villalba. Estado actual. Esta Torre está convertida en Parador de Turismo.

prá a agricultura aínda que logo resultou que a sementaron de piñeiros

Teñen afirmado Anxel Fole⁽⁴⁾ i o profesor Río Barxa⁽⁵⁾ que a Terra Cha é unha comarca sin cancións. Isto é verdade. Foi o profesor Río Barxa⁽⁶⁾ o que falou do gran silencio da Terra Cha. Nesta comarca nada canta, senón os paxaros. Os ríos pasan quedos, calados e solemnes: o Fabilus, o Lea, o Anllo, o Táboga, o Azúmara, o pai Miño... O vento que ven do Cantábrico tampouco canta: fai xemer as albres cando agallopa a pranura como un poltro desbocado ou marmula maino entre o follaxe. Pero non canta.

Ademáis de non haber cantares tampouco son frecuentes as lédas. As únicas que teño escoitado son as referidas a Lagoa de Cospeito —a das dúas cidades de Lucerna e Valverde— i a que se refire ó castelo de Cal da Loba. Esta dí que nos sótanos de Cal da Loba as formigas xuntaron máis de cincuenta fanegas de trigo por Villalba e que unha moura fadada garda esa riqueza. Non puideron averiguar si había xeito de desfacer o fado, ou si alguén intentou desfacerlo.

A. Peña Novo⁽⁷⁾ danos a seguinte descriución panorámica da Terra Cha: "En primavera o verano, con día claro, desde la Fonte dos Cregos, con buen o mal compango, puede contemplarse la mejor y más espléndida panorámica de la tierra gallega. La extensión que se alcanza a simple vista está limitada, al Este, por las mon-



Vista panorámica da Terra Cha, desde a Feira do Monte. Os pobos que se ven branquexar ó lonxe foron creados polo Instituto Nacional de Colonización.

tañas del Cordal de Nada y la Sierra de Meira; al Sur, por la Sierra de Fitoiro y Cordal de Ousá, y al Oeste, por la Sierra da Loba y el Cordal de Montouto; casi todo el partido judicial de Villalba y mucha parte de los ayuntamientos de Otero de Rey, Castro de Rey y algo de Abadín". A Terra Cha ó gran escritor Angel Fole⁽⁸⁾ pródexolle esta impresión: "Terra Cha. Tierra llana, llana tierra. Lo extraño en el galaico paisaje. La grave y austera belleza de la estepa. Los caminos sin sorpresas. Siempre se saben de donde vienen y a donde van. Se les ve venir de muy lejos y perderse en el horizonte. También el silencio parece que tiene distancias, distancias azules como la lejanía. Llanto de plata del abedul sobre el agua estantía. Los ríos son más callados".

Si tivéramos que resumir en poucas verbas —que é o que queremos facer— a impresión que nos produce a Terra Cha diríamos dun xeito impresioista i enumerativo: inmensidade, silencio. A cor parda dos montes i o verde das ribeiras dos ríos. Ceo cincento. Abidueiras, abeneidos, salgueiros e carballos. O ouro do toxo froleado nas primaveiras é o único luxo da Terra Cha. Austeridade, seriedade. Rimos lentos, longos o pausados. O xeito de falar dos chairegos é lento, grave i escuro. O seu galego, coido eu, é un dos galegos máis fermosos que se fala.

En Villalba, capital da Terra Cha, houbo sempre unha vida inteleutual i artística de certa importancia. Estas inquedanzas tiveron, e aínda te-

ñen, aínda que non coa intensidade e frecuencia que fora de desexar, o seu canle nas sociedades locais como o "Casino de Villalba", fundado no ano 1908; o "Centro de Artesanos", que funcionou do ano 1913 ó 1932 e por cuíu tribuna pasaron, entre outros, o historiador Salgado Toimil i o poeta Noriega Varela. Pró desenrolo económico e comercial da vila tivo grande importancia a "Unión Comercial Villalbesa"⁽⁹⁾.

Tamén o xornalismo villalbés tivo a súa importancia. Temos noticia de cinco publicaciós periódicas dendes do ano 1908, no que Mato Vizoso fundou o "Eco Villalbés", deica "El Faro Villalbés", fundado no ano 1932⁽¹⁰⁾. As outras publicaciós periódicas foron: "La Comarca Villalbesa": "El Ratón", aparecido en 1910; "Galicia Pintoresca", revista gráfica quincenal aparecida no ano 1919 e, por remate, "El Progreso Villalbés", quincenal, publicado no ano 1922; publicaciós da que ningunha logrou a supervivencia deica ós nosos días.

Villalba ten unha ben definida escola poética, cuíos máximos representantes foron: Xosé María Chao Ledo, Manuel Mato Vizoso, Antón García Hermida, entre outros. O matriarcado da poesía villalbesa oxo está nas maos de Carmiña Prieto Rouco. Outros poetas villalbeses son Xosé Luís García Mato e Fernando Díoxenes, entre outros que sería longo nomear.

A Terra Cha deu moitos e moi bos poetas dende Nuño Fernández de Mirapeixe, que viviu aló polo século XIII deica Noriega Varela, Aquí-

lino Iglesia Alvariño, o fondo e delicado Xosé Crecente Vega, Daniel Pernas Nieto, Francisco de Fientosa, Xosé Trapero Pardo, Manuel María González López, Xosé María Folgueira. I os xovencísimos Xesús Rábade Paredes, Darío Xohan Cabana, Margarita Ledo Andión e Manuel Emilio Blanco⁽¹⁾. E non falamos doutros chairegos destacados noutras ponlas da autividade humán pra non facer máis longo este traballo.

Un, que é chairego de nacemento e de corazón, pensa na Terra Cha como nun lonxano e perdido paradiso. Un grande e melancónico corazón que fala con voz humán no marmular das ondas do Miño que teñen un non sei que de canto llano que é a música que tiñan as cantigas dos nosos grandes troveiros medievales.

NOTAS

(1). — GUIA DE GALICIA, Ramón Otero Pedrayo. 3ª edición, Galaxia Vigo, 1954, páx. 18-19.

(2). — GEOGRAFIA DE GALICIA, Antonio Fraguas. Porto y Cia, editores. Santiago de Compostela, 1953. Páx. 245.

(3). — DESDE EL EO HASTA EL CEBRERO. EL PASAJERO EN LUGO, Alvaro Cunqueiro. Número extraordinario de EL PROGRESO, de Lugo do 17 de agosto de 1958.

A cita que fai Cunqueiro dos versos de Iglesia Alvariño non é esauta. Os versos de Iglesia Alvariño que cita Cunqueiro, podéñse lér en COMAROS VERDES, de

Aquilino Iglesia Alvariño. Vilagarcía de Aurosa, 1947, poema "Nos curros de Aldoar", páxina 35 e son como sigue:

Non na cama dos hexámetros virxilianos
con Deiopea. Nos curros de Aldoar
durmiu esta noite o vento coa Oreade.

(4). — DEVALARE E CANTARE... Anxel Fole, prólogo a TERRA CHA, de Manuel María. Instituto de Publicacións de "Círculo de las Artes". Lugo, 1967. 2ª edición. Páx. 9.

(5). — PAISAJES DE GALICIA: LA TIERRA LLANA DE LUGO, por F. Río Barja. "Vida Gallega" (2ª época), nº 8. Outubro, 1955.

(6). — Véxase nota anterior.

(7). — LA TIERRA LLANA, por Antonio Peña Novo. Villalba. Programa das festas de San Ramón e Santa María, 1965, Páx. 19

(8). — A TERRA CHA E... BEN TROVADA, Anxel Fole. "El Progreso", de Lugo, 21 de novembro, 1958.

(9 e 10). — VILLALBA Y SU JURISDICCION. Páxinas históricas, tomo I, Vicente Otero Cao. Ediciones "Celta". Lugo, 1958, Páx. 59-60.

(11). — POETAS DE TIERRA LLANA, por José Luis García Mato, serie de traballos publicados en EL PROGRESO, de Lugo, durante os meses de xulio i agosto de 1970, premiados no Concurso de Villalba do ano 1970. E unha serie de 10 artigos. Trátase do estudo máis fondo e concreto que hai encol do tema. Mágoa que o autor non refundise eses traballos i os publicase en libro. Coido que sería unha aportación fundamental ó estudo da poesía galega.

FLOREZ
alfombras

SECCION LIMPIEZA, LAVADO Y DEPOSITO

JOSE E. RODO 5658/86

T.E. 68-0113 - 2131 - 2765 - 3041 y 9786

Administración y Ventas:

FLORIDA esq. TUCUMAN

T.E. 32-6868/69 - 31-5981/5141